

A LUSOFONÍA

1. Pescuda información sobre un/unha cantante e unha escritora ou escritor de cando menos, tres países da lusofonía.

2. Le con atención a letra desta canción do António Zambujo, explica o seu contido e sinala todas as dificultades lingüísticas que atopes para comprendela. A seguir escríbea segundo as normas do galego estándar.

GOTA DE ÁGUA

António Zambujo

Tenho um segredo que levo comigo
que me faz sempre cismar:
não sei se quero estar contigo
ou se quero contigo estar.
Ribeirinho, ribeirinho que
falas tão devagar
ensina-me o teu caminho
de passar sem desejar.

Vai alta, alta, alta a nuvem que passa
vai alto, alto, alto o meu pensamento
que é escravo da tua graça
como a nuvem o é do vento.

Vem cá dizer-me que sim
ou vem dizer-me que não
porque sempre vens assim
pra ao pé do meu coração!

Vem cá dizer-me que sim
ou vem dizer-me que não
sempre estás perto de mim
na minha imaginação!

Tenho uma pena que escreve
aquilo que eu sempre sinto.
Se é mentira, escreve leve,
se é verdade, não tem tinta.

Ribeirinho, ribeirinho
que vais a correr ao léu
tu vais a correr sozinho
ribeirinho, como eu.

Vai alta, alta, alta a nuvem que passa
e passa, passa, passa uma sombra também.

Ninguém diz que é desgraça
não ter o que se não tem.

Vem cá dizer-me que sim
ou vem dizer-me que não
porque sempre vens assim
pra ao pé do meu coração!

Vem cá dizer-me que sim
ou vem dizer-me que não
sempre estás perto de mim
na minha imaginação!

Todos lá vão para a festa
com um brilhante azul de céu
Todos lá vão, ninguém resta
- Ah, sim... resto eu!
Não, não, vem para a festa também!
Vem tu também!

Já não sei se estou sonhando
nem de que serve sonhar.

Mas antes de acabar estes versos
feitos em modo maior
cumprе prestar homenagem
à bebedeira do autor!

Vem cá dizer-me que sim
ou vem dizer-me que não
porque sempre vens assim
pra ao pé do meu coração!

Vem cá dizer-me que sim
ou vem dizer-me que não
sempre estás perto de mim
na minha imaginação!

3. Le o texto e contesta as preguntas:

PONTE...NAS ONDAS! é unha Asociación Cultural e Pedagóxica que, desde 1995, realiza actividades educativas e culturais en Galicia e no Norte de Portugal. Entre os fins da asociación están a promoción de actividades culturais e pedagóxicas así como a promoción da identidade común dos dous pobos dentro dunha perspectiva xeral de integración europea e do mundo lusófono. A estas finalidades engadíuselle no ano 2002 o compromiso de traballar na recuperación e difusión do Patrimonio Cultural común a galegos e portugueses.

Grazas á cooperación entre escolas de Primaria e Secundaria, ao longo de máis de dúas décadas, realizáronse diversas actividades desde os centros educativos das dúas marxes do río Miño, construíndo unha ponte de comunicación que atravesa a fronteira de dous territorios, descubrindo un patrimonio común compartido pola antiga *Gallaecia*.

En 2001, a Asociación abraza o proxecto da UNESCO 'A ruta do escravo' para, a partir do ano 2002, centrar as súas accións no patrimonio inmaterial.

*NESTE CONTEXTO, IMPULSADA POLAS PRIMEIRAS PROCLAMACIÓNS DAS
OBRAS MESTRAS DO PATRIMONIO ORAL E INMATERIAL, PROMÓVESE A
PRIMEIRA CANDIDATURA DO PATRIMONIO INMATERIAL GALEGO-PORTUGUÉS.*

A proposta de candidatura é presentada aos gobernos de Portugal e de España por unha comisión de profesores e asesores da Asociación tras un importante traballo de campo, de documentación, investigación e un intenso labor de divulgación realizada polas escolas da Euro-Rexión Galicia Norte de Portugal. Posteriormente, en 2004, realízase a entrega da Candidatura en París conxuntamente coa representación diplomática de Portugal e España na UNESCO.

Coa entrada en vigor da Convención do Patrimonio Cultural Inmaterial, o traballo de PNO! Continúa **centrado na preservación, difusión e transmisión deste patrimonio común**, para o que organiza diversas actividades: Mostras de Patrimonio, Concursos escolares de recollida do patrimonio oral, Congresos, Xornadas pedagóxicas, encontros con persoas portadoras, etc.

Ao longo destas dúas décadas, PNO! foi construíndo **unha rede de persoas, escolas, universidades e institucións que buscan o recoñecemento do patrimonio inmaterial galego-portugués no mundo.**

O nome da Asociación Ponte... nas Ondas! deriva da actividade da que xurdiu: un día de radio que uniu escolas veciñas de ambas as dúas marxes do río Miño co gallo de celebrar dende as escolas o feito histórico que supuxo para a bisbarra a inauguración dunha ponte física entre as localidades de Salvaterra de Miño (Galiza) e Monção (Portugal). Nese momento, un grupo de 16 escolas decidiron establecer unha ponte de comunicación a través das ondas de radio. Aquel ano usáronse os estudos de Ecos da Raia de Monção (Portugal) e outro provisional situado na Casa da Cultura en Salvaterra de Miño (Galiza). Os protagonistas da experiencia viviron con moita emoción aquela primeira xornada experimental de radio transfronteiriza e o éxito obtido asegurou a súa continuidade.

*ESA PONTE QUE TRASPASABA UNHA FRONTEIRA DO MAPA, CONVERTEUSE
NUNHA PONTE DE COMUNICACIÓN, UNHA PONTE NAS ONDAS.*

Dese xeito, a iniciativa educativa Ponte... nas Ondas! comezaba cunha xornada que se iniciou coa emisión de 12 horas de programación radiofónica realizadas integramente por alumnas e alumnos galegos e portugueses.

Xa desde o ano 2003 chegou ás 24 horas de emisión con programas producidos por máis de 50 centros educativos. Estudantes de primaria, secundaria e (desde a IX edición) da Universidade, emiten programas de radio en directo. Nas últimas edicións acadaron a emisión a través de televisión e Internet, ademais de presentar formatos moi diversos: concursos, música, entrevistas, conexións en directo entre diferentes estudios etc.

Aínda que o galego e o portugués son as linguas comúns da emisión, coa participación de centros de Arxentina, Cuba, Chile e Colombia, o castelán tamén se incorporou á experiencia. Durante a xornada de comunicación os nenos e nenas de todos os países participantes seguen a programación e participan activamente nela. As actividades involucran agora a centros educativos de todos os niveis, desde o ensino básico até as universidades.



- a) Por que é posible que exista un proxecto coma o Ponte... nas ondas!?
- b) Con que obxectivo nace e se mantén no tempo?
- c) Cres que é importante coidar os intercambios entre Galicia e os países da lusofonía? Por que?
- d) Propón agora ti inspirándote no Ponte... nas Ondas! unha posíbel iniciativa de vínculo entre Galiza e Portugal.